

ALUMNOS DE QUINTO E SEXTO

CEIP. NAZARET

CANGAS DO MORRAZO. PONTEVEDRA

TALLER AGRICULTURA SOSTENIBLE EN EL AULA.

CURSO 2015-16

O día 18 de novembro fomos ao concello de Cangas para participar na primeira actividade do proxecto “CIUDADCIENCIA”. Foi unha charla, moi participativa, sobre a compostaxe e a contaminación.

Dous profesores do CSIC explicáronnos cousas como por exemplo, o efecto invernadoiro, que estaba composto por dióxido de carbono e metano, así como o dano que causaba ao noso planeta.

Tamén dixerón como se reciclaba o lixo, e ensináronnos as porcentaxes dos residuos. Quedamos abraiados ao saber que cada persoa tira un quilo de lixo ao día polo que supón da cantidade a nivel mundial . Tamén nos enteramos que unha botella de vidro tarda en descompoñerse 4.000 anos, de ahí a necesidade da reciclaxe.

Non esqueceron falarnos do composteiro, que logo chegará ao noso colexio, para iniciar o taller de agricultura sostible na aula. Xa entramos neste enlace <http://www.ciudadciencia.es/talleres/parcelas-agricolas-escolares/> para saber que residuos orgánicos podemos aproveitar para botar nel, así como seguimento do proceso recollendo datos de temperatura e humidade.

Finalmente, chamounos moito a atención, o exemplo da cantidade de solo cultivable que temos no noso planeta:

Se a terra fose unha mazá



E a partíramos en cuartos, tres cuartos dela serían auga de océanos e mares e so un cuarto sería parte continental.



Deste cuarto, a metade non serían zonas cultivables pois ocuparía desertos, por exemplo.



Logo, unha capa, desas metades é apta para os cultivos.
É impresionante a pequena cantidade de todo o planeta que resulta apta para cultivar.
Como para cuidala cal fose ouro.



Estamos esperando a chegada do composteiro e comezar a recollida de residuos así como o envío de datos.